

Neste número -

- EDITORIAL: Desenvolvemento si, pero non a calquera prezo. páxina 2
- ESPACIOS: ¿Que pasa no Courel? páxina 3
NOVAS: da Escola Taller Braña,
e Demandas de Osíxeno ...
- DELEGACIÓNS páxinas
ITINERARIO: A paisaxe surrealista do 4 e 5
Monte do Pindo.
CENSO 92: Primeiros resultados.
- BICHOS E BOTÁNICA: O alcaraván; máis páxina 6
... ¿cantos fentos hai en Galicia?
- e o TABOLEIRO, con mensaxes para todos páxina 7
e o próximo concurso ...

editorial


ECONOMÍA ANTES DE ECOLOXÍA ... ¿CALQUERA QUE SEXA O PREZO?

A SGHN é consciente do atraso económico de Galicia, agravado pola actual crise agraria e industrial, que nos últimos anos foi causa da perda de moitos miles de postos de traballo.

Esta situación tradúcese nun atraso cultural caracterizado polo mimetismo do alleo, que non tira as consecuencias necesarias das experiencias de desenvolvemento habidas noutros países, erradas ou non. Por suposto esta situación é moitas veces terceiromundista, caracterizada por condicións laborais pouco dignas e pola industria de enclave, esgotadora de recursos e altamente contaminante. Aí están para demostralo a térmica das Pontes, a máis contaminante de Europa, os vertidos das industrias lácteas, os residuos da industria da lousa, as celulosas etc.

Ante a actual situación económica corremos un indudable perigo, pois a falla de postos de traballo podería levar a que aceptemos tódalas industrias que non queren noutros lugares. Precisamente as distintas accións levadas a cabo polos sindicatos poderían facer pensar, á administración incluída, que dada a situación de deterioro económico, o que o pobo pide é calquera inversión, e que sexa aceptada sen máis.

A SGHN súmase ó lema pola industrialización, "Todos por Galicia", pero entendendo que as distintas alternativas agrarias e industriais deben ser respetuosos co medio. Desenvolvemento económico si, pero non a calquera precio.



A SGHN é ... unha entidade independente, formada en 1976,

dedicada á investigación, divulgación e protección do medio ambiente galego. Ten arredor de 1000 socios. ¿E que facemos?

Investigación: censos (de aves invernantes, de mamíferos mariños, e o "Atlas de Vertebrados de Galicia"), estudos de impacto ambiental, avaliacións de contaminación ...

Divulgación: voceiros sobre itinerarios naturais e temas como o lobo e os incendios, charlas e cursiños e programas de educación ambiental na escola ...

Protección: un esforzo continuo de denuncias e campañas en contra da destrución vertixinosa que está a sufrir o medio ambiente galego ...

A SGHN forma parte da CODA (a federación estatal de grupos de defensa da natureza) e da Asamblica de Grupos Ecoloxistas e Naturalistas de Galicia. Ten o nº 264/c-000/382 no Rexistro de Asociacións Culturais Galegas e figura no folio nº 11 do Rexistro de Asociacións Protectoras do Medio Ambiente.

Se queres saber máis, estamos na ...

Rúa da Oliveira, 4 - 2º, SANTIAGO (Apdo. 330)

con delegacións en:

Coruña - Apdo. 825

Ferrol - Apdo. 356

Noia - Apdo. 72

Ourense - Apdo. 212

Padrón - Apdo. 16

Vilagarcía - Apdo. 303

¡FAITE SOCIO! - véxase a contraportada



PASPALLÁS é o boletín bimensual da SGHN, pero as opinións expresadas nel (á parte da editorial) non son necesariamente as da xunta directiva da asociación. Para a páxina "o taboleiro", aceptamos calquera anuncio breve relacionado co tema, mesmo cartas super curtas. Se tes algunha suxerencia para "Paspallás", ata se queres colaborar na súa edición ... ponte en contacto.

Colaboran neste número: Agustín Alcalde, Marcos Freán Hernández, Guy Norman, Xose Manuel Penas Patiño, Carlos Rei Gómez e Xose Lois Rey.

Impreso en papel reciclado por Tórculo, Santiago; Dep.Legal: C 1590/91.


No mes de decembro, tres representantes da Escola Taller Braña, centro de educación ambiental xestionado pola Sociedade en Ourense, fixeron dúas presentacións ó "II encontro de propagación de especies autóctonas e recuperación del paisaje", unhas xornadas realizadas en Madrid a cargo dos grupos estatais ARBA (Asociación para la recuperación del bosque autóctono") y COMADEN ("Coordinadora madrileña de defensa de la naturaleza").

"Braña" en acción

Titulábanse as presentacións "Acondicionamiento del acceso al monasterio de San Esteban de Ribas de Sil" e "Repoblación del monte Rasa-Cembro", abarcando deste modo os principais traballos que a escola taller vén desenvolvendo nos últimos anos nos campos da cantería, carpintería e medio ambiente.

A primeira presentación trataba da recuperación estética e ecolóxica do acceso ó mosteiro de Ribas de Sil, un proxecto incluíndo a construción de muros de contención para evita-la erosión, a poda e saneamento dos carballos da zona e varios movementos de terra e de bloques de pedra para facilita-lo acceso. Gracias a este proxecto, o visitante a Ribas de Sil hoxe atopa unha área informativa e de descanso á súa disposición, con bancos, mesas e paneis con detalles do monumento e de rotas para camiñar pola zona. ¡Isto sí que é fomentar o turismo verde!

A segunda presentación trataba da repoboación forestal de 30 hectáreas de monte arrasado dentro do Cañon do Sil, espaciao natural protexido recoñecido pola Xunta; este proxecto foi levado a cabo durante o inverno e primavera do ano 91, principalmente con *Castanea sativa*, *Betula celtiberica* e especies de *Quercus*. Fontes da "Braña" estiman o éxito da repoboación en torno do 50% ... ¡así se aprende!




DEMANDAS de OSÍXENO

"As augas galegas aínda son de boa calidade" pero "sen embargo os signos de alarma de que a súa calidade deteriore nos próximos anos son enormes".

Así aclarou Juan Manuel Antelo Cortizas, decano da Facultade de Químicas en Santiago e director dun equipo de máis de 20 persoas que están a investigar a contaminación fluvial en Galicia. O estudo, a cargo da COTOP, inclúe o uso de brións acuáticos, diatomeas e peixes coma indicadores da contaminación: segundo o equipo, os

puntos máis conflictivos están no Miño ó seu paso por Lugo e Ourense, no Sar en Santiago, no Xubia a causa dos vertidos de San Sadurniño e o Ferrol, no Brandalos e no Ulla polas minas de Touro, e no Louro polas fábricas do Porriño.



espacios

O 12 de xaneiro a Xunta anunciou o seu "Plano de Desenvolvemento da Serra do Courel", o que quererá dicir máis de mil millóns de pesetas para investir na zona ó longo dos próximos dous anos. Os cartos van dirixidos a crear emprego, aumenta-lo nivel de vida e evita-lo despoboamento: obxectivos sociais cos cales ninguén podería discutir.

O COUREL

En términos da conservación do patrimonio natural, polo contrario, a cousa non é tan sinxela.

A Xunta fala de fomenta-lo chamado "Turismo Verde" e potencia-los ingresos da caza e da pesca. Como varias agrupacións ecoloxistas da provincia de Lugo destacaron, todo moi ben segundo a túa definición de "Turismo Verde". Unha das posibilidades alarmantes é que os cartos se destinen á promoción dun turismo masivo e descontrolado que destrúe a riqueza ecolóxica da zona. Outra é que se potencia a caza a exclusión doutras maneiras máis pacíficas de disfruta-la natureza

Por agora, o Courel segue tan desprotexida que nunca (aínda que moitas publicacións da Xunta enganosamente o califican como Parque Natural). Sofre o mesmo catálogo de impactos contínuos (incendios, pistas, minicentrales etc.etc.) que sofren case tódolos espaciaos naturais de Galicia.

Con mil millóns, ¿serán capaces de entender que o "Turismo Verde" sen respetar á natureza é tan útil coma pescar sen cebo?

delegaciónsdelegaciónsdelegacións

OURENSE

No sueste, seguen co seu labor incansable; aquí, non cabe máis ca algnhas das cousas que teñen feito nos últimos meses ...

En novembro:

... presentouse un escrito ó Delegado de Agricultura, denunciando varios incidentes de furtivismo no encoro de Castrelo do Miño, detectados no curso dun censo de aves realizado alí o día 5-11-91. Denunciouse tamén o porto deportivo ilegal que existe no encoro, e chamaron unha vez máis para a protección deste enclave de importancia nacional para as aves invernantes.

... houbo un escrito tamén á COTOP, denunciando as obras da estrada **Bande-Lobios**: estériles orixinados polo movemento de terras foron vertidos directamente ás beiras e ó **cauce do Limia**, causando danos fortes ó canón deste río importante.

... finalmente, mandouse un escrito a Consellería de Industria facendo constar que a **canteira Nevosa**, proxectada para a zona de Xures, está en conflito co Plano de Ordenación de Recursos Naturais redactado en preparación para a declaración da zona como Parque Natural.

En decembro:

... o día 27, membros da delegación contaron máis de 25 incendios forestais, algúns de varios quilómetros de fronte, nas zonas de Manzaneda, Queixa, Leboreiro, Xinzo de Limia e Trives.

... presentouse un escrito ó Enxeñeiro Xefe da Confederación Hidrográfica do Norte, en protesta contra a **minicentral proposta para os ríos San Gil e Valborrás**, no concello de Carballeda de Valdeorras: a zona está recoñecida pola Xunta coma espacio natural protexido.

SANTIAGO

Presentouse unha denuncia ás autoridades correspondentes en protesta contra a solicitude de uso das augas do río que constitúe a principal contribución á **marisma de Baldaio**.




VILAGARCIA

Dende o día 26 de novembro ata o 8 de xaneiro, os de Arousa estiveron moi ocupados coa "**V Semana de Historia Natural**", xa por quinto ano (¡como os máis listos adiviñarades polo seu título!) ... enfocada principalmente ó público xuvenil, contou cunha excelente acollida. A "**Semana**" consistiu nunha exposición didáctica na Casa de Cultura de Vilagarcía e nun ciclo de conferencias por moitos colexios e institutos da zona; o ciclo terminou cunha charla final na Casa de Cultura e a presentación audiovisual "**Guía das Aves Acuáticas do Salmés**", de consorcio Alvaro Pomares.

A delegación quere oír de calquera socio que teña interese en montar unha "**Semana**" parecida a de Vilagarcía noutra zona de Galicia.

Tamén participaron os arousáns en "**Galinfancia**", 1ª feira infantil de Galicia, cun posto aberto ó público: nel había disintos xogos destinados a despertar, nos máis cativos, uns coñecementos bases da natureza. Desgraciadamente, a feira non estivo totalmente exenta de polémica ... por algunha razón insondable, houbo unha forte presenza militar, ¡o cal certamente excedía o recomendable pedagóxicamente!

Finalmente, as delegacións do **FERROL** e da **CORUÑA** non están mortos, ó contrario, pero como non nos mandan detalles do que están facendo ...



itinerario ...

Este mes describimos unha das camiñatas máis impresionantes que hai na provincia da Coruña: a subida do Monte do Pindo. Pero un aviso: aínda que non se trata dos Alpes, isto non é ningún pasciño de domingueiros, e hai que toma-lo en serio: a non ser que teñas moita experiencia de montaña, non subas cando vai mal tempo (e incluso cando vai bo non vaias só); leva roupa de abrigo na mochila, máis impermeables e chocolate ou algo para comer. Recómendase botas de montaña: senón, un calzado forte, non tenis.

¡Ben! Primeiro, tes que chegar á igrxa da aldea do Pindo, uns 14 km ó norte de Carnota. Comproba o reloxo: sen contar descansos, tárdase entre 120 e 150 minutos para chegar ó pico, e outros 60 ou 90 para baixar. Por detrás da igrexa hai un regato: o camiño comeza pola súa beira. Ó principio, pasarás por un piñeiral con moito loureiro no sotobosque: coidadiño, porque é moi fácil perderse neste primeiro tramo. Segue as frechas vermellas pintadas nas rochas. A medida que subes, o bosque vai sendo menos denso, e pronto entrarás nunha paisaxe estraña,

La SGHN califica la política ambiental de «poco continuista»

La contaminación del Sar, y el vertedero de Boisa principales infracc^o

El medio urbano y rural de Galicia
políticas ecológicas incoherentes
y la Asociación de Municipios
cales en Galicia

El fuego está asolando los montes en el invierno

El agua de la
presa causará
la desaparición
de la ripisilva

FARO DE VIGO
Domingo, 5 de enero de 1992

X.M.C.
DUPZ

Mala cultura agrícola

Los campesinos continúan provocando fuegos como consecuencia de una cultura agrícola totalmente primitiva, según la Sociedad Galega de Historia Natural, que mantiene que lo más urgente es crear una nueva conciencia en el medio rural. La asociación afirma que la mayor parte de los fuegos provocados tienen como objetivo lograr que los restos orgánicos de los montes sean arrastrados hacia a las zonas de pasto y de cultivo para actuar como fertilizantes.

Esta práctica tiene un efecto devastador para el suelo, por lo que la SGHN considera que sería incluso beneficioso que la propia Administración financiara abonos a los ganaderos para evitar los

Como se fixo tódolos anos dende 1973, a SGHN realizou o censo de aves acuáticas ou vencelladas a medios húmidos, a principios do mes de xaneiro. Entre as aves máis interesantes pódense citar ...

92 censo 92

PONTECESO:

Anser anser 1,
Branta bernicla 1,
Tadorna ferruginea 3.

ENCORODAS

FERVENZAS:
Podiceps cristatus 19.

OGROVE:


Branta bernicla 56!
Aythya marila 2.

ALANZADA:

Clangula hyemalis 6,
Melanitta fusca 1,
Gavia arctica 2.

Característica peculiar deste ano foi o frío e a ausencia de precipitacións (polo que os encoros están moi por baixo do seu nivel normal).

¡Máis detalles máis adiante! Por agora, pregamos ós colaboradores que remitan canto antes os datos, posto que o ano pasado houbo retrasos de moitos meses nalgún caso.



o MONTE do PINDO

de piñeiros incendiados e rochas grandes, unha paisaxe máis surrealista con cada paso. Con tódalas arbores mortas, é un paraíso para o pico real, e hai moitos; a papuxa montesa tamén se ve con frecuencia, ó igual que os cabalos bravos (¡que non che van molestar!). Uns 50 ou 60 minutos despois de deixa-la aldea do Pindo, chegarás a unha forca entre dous altos, xa máis enriba do bosque. O camiño segue cara á esquerda, e dende aquí en adiante non hai frechas vermellas senón azuis: a verdade é que o camiño é moito máis fácil de seguir polo monte ca polo bosque de abaixo, pero coidado coas rochas. Aquí, a vexetación xa é de monte, de toxo e queirugas e *Chamaespartium*. Máis arriba vera-las matas redondeadas e as flores rosadas de *Centaurea corubionensis*, especialidade endémica da zona. Tamén é digno de mención a presenza nesta zona dunha poboación moi illada de *Quercus fruticosa*, pero atópase ó sur da nosa rota. En canto ós paxaros, o Pindo destaca pola presenza da merla azul *Monticola solitarius* e do andurón *Apus melba*.

20 minutos despois da forca parece como se alguén intentase cons-

truír un muro a través do camiño, pero non te desanimas: ¡sigue! 20 ou 30 minutos máis adiante, pasarás por unha especie de porto entre máis pinos incendiados, e entrarás (onde algún macarra pintou "PAUSE" nunha rocha) nun campo amplo e verde: dende aquí, á túa esquerda, verás o Pindo, co poste trigonométrico que marca o seu cume. O camiño cruza este campo, indo cara á esquerda: ó final saíras polo outro lado, con vistas da ría. Dentro de pouco pasarás por uns tristes restos da vexetación autóctona da zona, un bosque anano de *Quercus robur*. Pero ánimo ... agora queda moi pouco. Sigue o camiño mentres dá-la volta ás rochas do final, para despois subila dende o outro lado. E así chegarás ó cume plano e pulido do Pindo. Aí, rodeado por vistas increíbles, verás de onde vén o seu nome: as rochas están cheas de pequenas depresións circulares, as "pías", que parecen as marcas de bágoas celestiais. A verdade é menos romántica, pero ¿a quen lle importa? ¡Agora, respira ben ... quedanche entre 60 e 90 minutos para baixar!

bichos...

Aves, Burhinidae

ALCARAVÁN:

Burhinus oedicnemus

Hábitats: Zonas abertas secas tanto do interior como da costa.



Identificación: Limícola grande de tonos terrosos que se camuflan moi ben nos terreos pedregosos onde habitan. Cabeza e ollos grandes que revelan as súas preferencias nocturnas.

Observación: Pode atoparse esta ave en localidades abertas secas e chans así como en dunas costeiras onde pasa moi desapercibida polas súas cores miméticas. Canto parecido ó mazarico real.

Distribución mundial: Europa, Asia e África.

Distribución en Galicia: Extendido pero relativamente raro: crian entre 50 e 200 parellas.

Situación: En Europa occidental está a experimentar un forte declive nas súas poboacións, sendo a península ibérica o lugar onde esta especie conserva os efectivos máis numerosos; os alcaraváns que veranean no noso país constitúen unha parte importante desta poboación ibérica.



54 FENTOS...

... neste país, incluíndo as 5 xoias ameazadas (*Culcita macrocarpa*, *Hymenophyllum tunbrigense*, *Trichomanes speciosum*, *Dryopteris*

guanchica, *Woodwardia radicans*). As tres primeiras existen como poboacións relictas aquí, estrictamente ligadas ó val do Eume e ós outros escasos retrinco de fraga no norte coruñés e lugués, e fortemente ameazadas pola destrución destes retrinco, polo coleccionismo e, sobre todo, polos floristas.

Para identificalos fentos, é moi bó o libro "Guía de Helechos de la Península Ibérica y Baleares" de Enrique Salvo Tierra (Pirámide, 1990).




- | | |
|--|--|
| <i>Adiantum capillus-veneris</i> C.L.O.P | <i>Dryopteris aemula</i> C.L.O.P |
| <i>Anogramma leptophyllum</i> C.L.O.P | <i>Dryopteris affinis</i> C.L.O.P |
| <i>Asplenium adiantum-nigrum</i> C.L.O.P | <i>Dryopteris carthusiana</i> C.L.P |
| <i>Asplenium billotii</i> C.L.O.P | <i>Dryopteris dilatata</i> C.L.O.P |
| <i>Asplenium marinum</i> C.L.P | <i>Dryopteris expansa</i> L. |
| <i>Asplenium onopteris</i> C.L.O.P | <i>Dryopteris filix-mas</i> C.L.O.P |
| <i>Asplenium ruta-muraria</i> C.L.O.P | <i>Dryopteris guanchica</i> C.L.P |
| <i>Asplenium septentrionale</i> L.O | <i>Dryopteris oreades</i> L.O.P |
| <i>Asplenium trichomanes</i> C.L.O.P | <i>Gymnocarpium dryopteris</i> L. |
| <i>Athyrium filix-femina</i> C.L.O.P | <i>Hymenophyllum tunbrigense</i> C |
| <i>Blechnum spicant</i> C.L.O.P | <i>Hymenophyllum wilsonii</i> C |
| <i>Botrychium lunaria</i> L.O | <i>Lastraea limbosperma</i> C.L.O.P |
| <i>Ceterach officinarum</i> C.L.O.P | <i>Notholaena maranthae</i> C |
| <i>Cheilanthes acrosticha</i> O | <i>Osmunda regalis</i> C.L.O.P |
| <i>Cheilanthes guanchica</i> L. | <i>Phyllitis scolopendrium</i> C.L.O.P |
| <i>Cheilanthes hispanica</i> L.O.P | <i>Polypodium cambricum</i> C.L.O.P |
| <i>Cheilanthes x insularis</i> L. | <i>Polypodium interjectum</i> C.L.O.P |
| <i>Cheilanthes x iberica</i> L.O | <i>Polypodium vulgare</i> C.L.O.P |
| <i>Cheilanthes pulchella</i> O | <i>Polystichum aculeatum</i> C.L.O |
| <i>Cheilanthes tinaii</i> L.O.P | <i>Polystichum illyricum</i> L. |
| <i>Christella dentata</i> O | <i>Polystichum setiferum</i> C.L.O.P |
| <i>Cryptogramma crispa</i> L.O | <i>Pteridium aquilinum</i> C.L.O.P |
| <i>Culcita macrocarpa</i> C | <i>Pteris cretica</i> L.P |
| <i>Cystopteris diaphana</i> C.L.O.P | <i>Selaginella denticulata</i> P |
| <i>Cystopteris dickieana</i> O | <i>Thelypteris palustris</i> C.L.P |
| <i>Cystopteris fragilis</i> C.L.O.P | <i>Vandesboschia speciosa</i> C |
| <i>Davallia canariensis</i> C.L.P | <i>Woodwardia radicans</i> C.L.P |

Os 54 fentos citados en Galicia segundo o "Catálogo de la Flora Vasculare Gallega" (Rodríguez Gracia *et al.* en "Sobre Flora y Vegetación de Galicia", da Xunta, 1989). Omitimos aqueles pteridofitos que non son fentos no sentido popular da palabra. As letras C, L, O ou P indican as provincias para as que existen citas.

... e botánica



o taboleiro



¡Aprende como plantar árbores!


Imos plantar unhas 600 árbores autóctonas no monte da zona de Padrón, unha fin de semana de febreiro ou marzo. ¿Que che parece botarnos unha man? Neste momento non sabemos-la data exacta: para máis detalles chama a:

Richard (981) 81 04 13

ASEMBLEA KERAL

Como xa sabedes pola carta que se mandou a tódolos socios ... convócase a Asemblea Xeral da Sociedade, o día 25 de abril ás 16h, no Museo do Pobo Galego (San Domingos de Bonaval, Compostela). Entre outras cousas, levarase a cabo a elección dos membros da Xunta Directiva: o presidente, 2 vicepresidentes, o secretario, o tesoureiro e 6 vocais ... se queres presentarte, a túa candidatura debería chegar á actual Xunta Directiva (Apdo. 330, Compostela) antes do 25 de marzo. A Asemblea tamén queda aberta á presentación de "rogos, preguntas e proposicións".

Da serie "Voceiros de Divulgación", o número 6, co título "Avance Programa ESENGA". Nesta publicación da Sociedade recóllense os primeiros datos sobre a distribución en Galicia de dúas familias (Papilionidae e Nymphalidae) de bolboretas, e dunha familia (Lucanidae) e un xénero (Carabus) de escarabellos. ¡Lectura esencial para o bichólogo galego! Mide 21 x 16 cm, ten 32 páxinas e custarache 200 ptas sendo socio ou 250 senón. Máximo de un exemplar por solicitude, da: Sección de Entomoloxía, Apdo.303, Vilagarcía.




Gañador do 1º Gran Concurso de Debuxo - e dun Manual de Ornitoloxía - foi Fuco Rico Rei de Santiago, co seu debuxo que reproducimos aquí. Parabéns tamén a José Manuel Portela López e Rubén Tubío Fernández, polas súas contribucións moi boas, e grazias a tódolos amigos que participaron. ¡Mellor sorte no SEGUNDO GRAN CONCURSO! Outra vez, tes que ter entre 8 e 16 anos; o teu debuxo debe ser da metade dunha folla A4, e debe chegar a SGHN en Santiago antes do día 15 de marzo.

Tema para este mes: "O LOBO"

¡RECORTANDO!

Necesítanse colaboradores/as para traballar co arquivo de prensa da Sociedade. Quen estéa interesado que se poña en contacto con Xosé Lois na delegación de Santiago.

Gracias ós esforzos da delegación do Ferrol, sae o nº3 da marabillosísima serie de Roteiros: "Doniños"; 32 páxs, 350 ptas (máis 25 ptas para Correos), do local de Santiago ou de Ferrol. A propósito, quedannos exemplares dun "Roteiro" anterior, o de "Frouxeira": 30 páxs, 200 ptas (máis 25).



Para dar parte dun cetáceo (ou foca, ou tartaruga mariña), chamar a: Juan Peñas (986) 470597

FICHA DE INSCRICION

... fotocópiala, cúbrela, recórtala e mándala á:
SGHN, Apdo 330, Santiago.

Nome: _____

DNI: _____

Nacido/a en: _____

o día: _____

Enderezo: _____

Profesión: _____

Categoría de socio (A - F): _____

Áreas de interese: _____

CATEGORIAS DE SOCIO

- A: Plenario - 2000 ptas
- B: Infantil (ata 12 anos) - 500 ptas
- C: Xuvenil (ata 18 anos) - 1000 ptas
- D: Estudiante - 1200 ptas
- E: Familiar - 3000 ptas
- F: Protector (toda a vida) - 100.000 ptas

DOMICILIACION

Banco / Caixa: _____

Sucursal: _____

Nº de conta: _____

Sr. Director do Banco / Caixa de Aforros: _____

prégolle admita os recibos que no sucesivo lle remita a Sociedade Galega de Historia Natural, dende a data: _____

Sinatura: _____



**MANDA: A SOCIEDADE GALEGA DE HISTORIA NATURAL,
APDO 330, SANTIAGO.**

**Contaminadores do ar puro e da auga húmida,
casta e cristaiña; incendiarios da fraga sacra,
misteriosa, cantora e ancestral; asasi-
nos de paxaros; cantos de paxaros; e ancestral; asasi-
canto ama, vive e canta; violadores e
destrutores da máxica paisaxe rumorosa ...
malditos sexades sempre ...**

Manuel María



PASPALLÁS

Boletín da Sociedade Galega de Historia Natural

IMPRESOS